

LAGARES RUPESTRES EN VERIN

Os lagares: caracterización básica

Por lagares rupestres enténdese unha serie de artefactos manufactureiros esculpidos na pedra que foron realizados para preparar viño. En contraposición cos lagares convencionais, situados nas adegas de pazos, casas reitorais e núcleos de poboación, os lagares rupestres localízanse entre as viñas, en espazos que se dedican ou se dedicaron ao cultivo da vide, o que evidencia que o primeiro espazo no que se converteu a uva en mosto estivo localizado nas casas de campo dos señores medievais ou dominus.

Deste xeito, tal e como apunta Luezas Pascual “os viticultores só tiñan que transportar ata as súas casas o mosto”, un mosto que, á vista da capacidade dos lagares, “apenas cubriría as necesidades familiares do propietario”, o que faría dela unha economía de subsistencia.

Na península Ibérica a súa presenza foi documentada na ribeira do río Mondego (Portugal), na Rioja alavesa, Cataluña ou mesmo en Castilla-León, sendo obxecto de diversos estudos ao longo das últimas décadas. En Galicia unicamente Taboada Chivite levou a cabo un estudo puntual dun destes lagares, o coñecido como Lagar dos Mouros en Medeiros (Monterrei). Recentemente César Llana *et alli* veñen de publicar o primeiro traballo científico monográfico (ver bibliografía) relativo a esta materia.

A cronoloxía máis probable destes artefactos sitúase entre os séculos IX-XIII e estaría en relación cuns patróns de ocupación do territorio que teñen paralelos en necrópoles, haxiotoponimia, ermidas, asentamentos, etc... aínda que o seu uso puido continuar ata o século XVIII.

Romanos ou medievais: o problema da datación

A principal limitación do estudo destes lagares reside na imposibilidade de relacionalos de forma directa con estratigrafías arqueolóxicas ou análises polínicas, que posibiliten coñecer a súa cronoloxía real, funcionalidade máis precisa e relación con eventuais espazos habitados ou de explotación agrícola, de aí que a documentación arqueolóxica que se levou a cabo pode axudar a esclarecer algún destes interrogantes, sen resposta aínda na península Ibérica.

· **NOME DO XACEMENTO: LAGAR RUPESTRE DO POZO DO DEMO**

- Provincia: Ourense
- Concello: Verín
- Parroquia: Cabreiroá
- Lugar: O Pozo do Demo / As Canteiras
- Proxección UTM: X: 632546 Y: 4642078
- Altitude: 566 m.s.n.m.
- Descrición de accesos: Desde a capital municipal collemos a estrada local que nos leva ao Balneario de Cabreiroá. Unha vez alí colleremos a pista de xabre que, por detrás da planta embotelladora, nos permite seguir en dirección E cara un dos pasos inferiores da autovía A-52.

Nada máis saír del continuaremos en dirección SE ata o río, onde abandonaremos o vehículo. Desde alí tomamos un camiño de pés que ascende en paralelo ao río, e que nos levará ata o lagar, que se atopa nas coordenadas que indicamos, uns 25 m ao E do sendeiro.

· **NOME DO XACEMENTO: LAGAR RUPESTRE DE CABREIRA**

- **Provincia: Ourense**
- Concello: Verín
- Parroquia: Cabreiroá
- Lugar: Cabreira
- Proxección UTM: X: 631902 Y: 4642593
- Altitude: 409 m.s.n.m.
- Descrición de accesos: Desde a capital municipal collemos a estrada local que nos leva ao Balneario de Cabreiroá. Unha vez alí colleremos a pista de xabre que, por detrás da planta embotelladora, nos permite seguir en dirección E cara un dos pasos inferiores da autovía A-52.

Nada máis saír del abandonaremos o vehículo para dirixirnos ao lagar, que se sitúa uns 50 m ao S da pista de xabre que nos leva ao río.

NOME DO XACEMENTO: LAGAR RUPESTRE DE A TEIXUGUEIRA

- Provincia: Ourense
- Concello: Verín
- Parroquia: Mandín
- Lugar: A Teixugueira
- Proxección UTM: X: 632530 Y: 4634483
- Altitude: 471 m.s.n.m.
- Descrición de accesos: Desde a capital municipal collemos a N-532 en sentido Mandín. Unha vez na aldea continuaremos pola estrada que leva a Feces de Cima; 550 m despois de pasar por baixo da autovía a Chaves atoparemos a man esquerda unha pista de xabre que ascende en dirección N; continuaremos durante 550 m ata bater cunha bifurcación en sentido NW; 80 m despois abandonaremos o vehículo para proseguir a pé ata o lagar, que se localiza 20 m ao NE da pista.

- NOME DO XACEMENTO: COVA E LAGAR RUPESTRE DE FELGOSO

- Provincia: Ourense
- Concello: Verín
- Parroquia: Ábedes
- Lugar: Felgoso
- Proxección UTM: X: 632777 Y: 4644473
- Altitude: 520 m.s.n.m.
- Descrición de accesos: Desde a capital municipal collemos a estrada OU-310 a Vilardevós. Dende a rotonda de Sousas chegaremos a Ábedes transcorridos uns 1.150m, obviaremos calquera desvío ao núcleo, continuando pola OU-310. Transcorridos outros 950m por esta, dende o cruce principal de Ábedes, veremos unha pista de terra á esquerda, xusto na derradeira curva con xiro á dereita antes de chegar á rotonda de enlace coa Autoestrada. A pista só se pode coller en sentido baixada, polo que deberemos dar volta na rotonda, 160m máis aló. A pista remata aos 120m nunha pequena explanada, da que parten varios sendeiros.

Colleremos o do medio, que nos leva a un depósito de auga. Por detrás deste, nun afloramento rochoso casi inapreciable pola vexetación, están as pías (ou bañeiras). O propio outeiro no que se atopan está cortado por un fondo tallo, froito dun desterro canda as obras da Autoestrada. Na parte superior do alto noiro, en sábreiro, vese a cova, de acceso imposible cos últimos correntamentos de terra. Ambos elementos atópanse a escasos 30m de distancia.

- NOME DO XACEMENTO: LAGAR RUPESTRE DO RÍO DE FORNOS

- Provincia: Ourense
- Concello: Verín
- Parroquia: Feces de Cima
- Lugar: Río de Fornos1
- Proxección UTM: X: 635041 Y: 4636140
- Altitude: 468 m.s.n.m.
- Descrición de accesos: Desde a capital municipal collemos a N-532 en sentido Feces de Cima. Unha vez na aldea continuaremos pola estrada que leva a Vilar de Cervos (Vilardevós) ata un cruzamento de estradas situado no lugar de A Serra; desde alí colleremos o desvío a man dereita que nos leva en paralelo ao Río Pequeno ou Río de Feces ata chegarmos á ponte sobre o Río de Fornos.

Desde aquí continuaremos a pé, sempre pola beira do río, en dirección N ata chegarmos a uns pasos que atravesan o cauce; cruzámolo e proseguimos uns 75 m en sentido NW. O lagar sitúase no inicio da ladeira, ao pé duns prados.